

# Unha voz malévola



1.<sup>a</sup> edición, 1.<sup>a</sup> impresión, 2024

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL  
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo  
32660 Allariz

[contacto@airaeditorial.gal](mailto:contacto@airaeditorial.gal)

Entra en [airaeditorial.gal](http://airaeditorial.gal) e coñece todas as vantaxes  
de subscribirte ao CLUB AIRA

Pola tradución do inglés: © Gabriel Álvarez Martínez

Deseño e ilustración da tapa: MeliMolita

Impresión: Mundo

ISBN: 978-84-128581-8-1

DL: OU 142-2024

Esta obra recibiu unha subvención da  
Consellaría de Cultura,  
Lingua e Xuventude



**XUNTA  
DE GALICIA**

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro.  
Se necesitas fotocopiar ou escanear algún fragmento deste libro,  
comunícate co Centro Español de Dereitos Reprográficos  
(CEDRO): [conlicencia.com](http://conlicencia.com).

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

VERNON  
LEE

# UNHA VOZ MALÉVOLA

Tradución de Gabriel Álvarez Martínez



## ÍNDICE

A BONECA . . . . .	9
AMOUR DURE . . . . .	23
UNHA VOZ MALÉVOLA . . . . .	65
DIONEA . . . . .	97
A LARANXEIRA DE SANTO EUDEMÓN . . . . .	131
A DAMA E A MORTE . . . . .	145
O PRÍNCIPE ALBERICO E A MULLER SERPE . . . . .	165

# A BONECA



Acho que esta vai ser a derradeira antigalla que compre na vida —dixo ela mentres fechaba o cofre renacentista—. Esta e o servizo de porcelana que acabamos de usar para a sobremesa. Parece coma se perdesse a paixón por completo. E coido saber o porqué. Canda a louza e o pequeno cofre, merquei un obxecto —nin sei se obxecto se lle poida chamar— que fixo que se me pasase o gusto por remexer nas pertenzas dos mortos. Foron moitas as ocasións nas que cho quixen contar todo e nas que desistín por medo a parecer parva. Mais ás veces esta historia pésame coma un segredo; de modo que, ridícula ou non, gustaríame contarcha. Anda, toca a campaña para que traian unhas cantas achas máis e colócame esa pantalla diante da lámpada.

Foi hai dous anos polo outono, en Foligno, na Umbria. Atopábame eu soa na fonda, pois como sabes o meu marido anda ocupado de máis para me acompañar nas miñas expedicións á procura de antigallas, e a amiga coa que acordara verme enfermara e non ía vir até máis tarde. Foligno non é o que se di un lugar interesante, pero a min gustábame. Nos arredores hai moitas vilas pintorescas e grandes montañas agrestes de pedra rosada cubertas de aciñeiras, desde onde a xente bota os feixes de paus a rebolos até o leito do torrente, todo a pouca distancia en coche. Hai un pequeno río de augas rápidas e caudalosas que bordea un flanco da muralla inzada de hedra; e hai frescos do século XV que coido que xa ben coñeces. Pero o que máis me interesa é o seu magnífico conxunto de palacios antigos, con grandes portas escavadas na rocha rosa, patios rodeados de columnas e fermosas celosías; todo ben conservado na maioría dos casos, pois Foligno é unha vila con feira, unha

encrucillada de camiños e, en suma, unha sorte de metrópole no corazón do val.

Ademais, e sobre todas as cousas, gustábame Foligno porque descubrira alí un anticuario marabilloso. E non me refiro a unha tenda de antigüidades marabillosa, pois nada tiña á venda que valesse tan sequera vinte francos, senón a un vello marabilloso e cativador. O seu nome de bautismo era Oreste, e non quixen máis saber. Tiña unha barba longa e branca, uns ollos castaños moi doces e unhas mans espléndidas, e ía a todas as partes cun braseiro de barro por baixo da capa. Despois de exercer como mestre albanel, pasara ao negocio das antigüidades por amor aos obxectos bonitos e ao pasado da súa terra natal. Coñecía todas as antigas crónicas —prestoume a de Matarazzo— e sabía situar exactamente todo canto acontecera nos últimos seiscientos anos. Falaba dos Trinci, que foran uns déspotas da zona, e de santa Anxela, a santa local; dos Baglioni, de César Borgia e de Xulio II, coma se os coñecese en persoa. Mostroume o lugar onde san Francisco lles predicou ás aves e o lugar no que tivo a súa granxa Propercio —era Propercio ou Tibulo?—; e cando me acompañaba nas miñas andanzas á cata de antigallas, paraba nun canto ou debaixo dun arco e dicíame: «Ves? Aquí foi onde raptaron esas freiras das que che falei. Aí apuñalaron o cardeal. Nese sitio arrasaron o palacio despois do masacre, e pásáronlle a rella do arado e espallaron sal». E todo cunha expresión vaga, distante, melancólica, coma se vivise naqueles tempos máis ca nestes. Axudoume tamén a conseguir este cofriño de veludo con fechos de ferro, un dos mellores obxectos que temos na casa. Por iso estaba eu tan contenta en Foligno, conducindo e paseando o día todo, lendo á tarde as crónicas que Oreste me emprestaba, e non me importou agardar tanto pola amiga que, finalmente, nunca apareceu. É dicir, fun absolutamente feliz até tres días antes de marchar. E, agora, a historia da miña estraña adquisición.

Unha mañá, Oreste, cos ombros considerablemente encolidos, chegou coa noticia de que certo membro da nobreza de

Foligno me quería vender unha vaixela de porcelana. «Algunhas das pezas estanlle gretadas, mais asegúrolle que vai ver vostede o interior dun dos nosos mellores palacios, con todas as salas coma noutrora... Non lle é cousa de gran valor, mais sei que a *signora* aprecia o pasado alí onde aínda se conserva intacto».

O palacio databa, cousa excepcional, de fins do século XVII e semellaba un cuartel en medio daquelas casiñas xeitosas de talla renacentista. Unha inmensa cabeza de león coroaba cada xanela, había unha entrada pola que collerían dúas carruaxes, un patio que podería gorecer un cento de persoas e unha escaleira colosal cunha bóveda ornada de virtudes en estuco. Había un zapateiro na antiga portaría e unha fábrica de xabón no primeiro andar e, ao final do patio da columnata, un xardín de vides amarelas comestas e xirasoles mortos. «Grandioso, mais moi ordinario... Case que do século XVIII», dixo Oreste en canto ascendíamos polos chanzos baixos e resoantes da escaleira. Algunhas das pezas do servizo de sobremesa estaban pousadas, prontas para eu as examinar, sobre unha gran consola dourada na inmensa antesala decorada con brasóns. Despois de as ver, díxenlles que aviasen o resto para o outro día. O propietario, un home que pertencía á alta nobreza, mais que estaba medio arruinado —diríase que totalmente na ruína, a vulgar polo estado do predio—, residía no campo, e a única ocupante do palacio era unha anciá coma esas que lle apartan a un a cortina na porta da igrexa.

O palacio era imponente. Había un salón de baile grande que nin unha igrexa, unhas cantas salas de recepción co piso sucio e con mobiliario do século XVIII deslustrado e estragado, e un aposento de gala, todo de satén amarelo e ouro, no que durmira algún emperador; e nas paredes había baldas horribles de fotografías descoloridas, biombos de feirón e coxíns de la de Berlín que delataban a presenza de ocupantes máis modernos.

Deixei que a señora desatrancase unha tras outra as contras, pintadas e douradas, e abrise tamén unha tras outra as xanelas de pequenos vidros verdosos, e seguina pasivamente, bastante



contenta por poder pasear entre os fantasmas dos mortos. «A biblioteca estalle ao fondo», díxome a señora, «se á *signora* non lle importa pasar polo meu dormitorio e polo cuarto de pasar o ferro. Chégase antes que volvendo polo gran recibidor». Asentín e dispúxenme a atravesar o máis rápido posible a desorde do cuarto da criada, cando de súpeto recuei. Sentada de fronte, había unha muller vestida á moda do 1820, completamente inmóbil. Era unha boneca xigante. Diríase que tiña o rostro clásico de Canova, coma nos retratos da señora Pasta e de *lady* Blessington. Estaba sentada coas mans cruzadas sobre o regazo e ollaba de fronte.

—É a primeira esposa do avó do conde —dixo a señora—. Tirámola do armario esta mañá para desempoala un pouco.

A boneca estaba vestida con gran primor: medias de seda caladas, sandalias e uns longos mitóns de seda bordados. O cabelo tíñao tan só pintado; dúas faixas lisas que formaban un triángulo na testa. Había un buraco grande na parte posterior da cabeza polo cal se vía que era de cartón.

—Ah! —dixo Oreste meditabundo—. A figura da fermosa condesa! Xa me esquecera dela. Non a vía desde que era un rapaz.

E, nun xesto de infinita dozura, limpoulle co seu pano vermello unha arañeira das mans cruzadas.

—Antes tíñana gardada no seu propio *boudoir*.

—Iso sería antes de eu chegar —retrucou a ama de chaves—. Eu sempre a vin no armario, e xa levo aquí trinta anos. Apetécelle ver a colección de medallas do antigo conde?

Oreste estivo moi pensativo mentres me acompañou de regreso.

—Era unha muller fermosísima —dixo timidamente cando xa divisamos a miña pensión—. Refírome á primeira esposa do avó do actual conde. Morreu cando levaban un par de anos casados. O antigo conde disque se puxo medio tolo. Mandou facer a boneca a partir dun cadro e gardouna na alcoba da pobre señora. Pasaba varias horas dentro con ela, todos os días.

Mais acabou por casar cunha muller que traballaba na casa, unha lavandeira coa que tivo unha filla.

—Unha historia ben curiosa! —dixen, e xa non cavilei máis nela.

Mais a boneca volveu á miña mente: ela e aquelas mans cruzadas, os ollos abertos de todo e o marido que acabara por casar coa lavandeira. E, ao día seguinte, ao regresarmos ao palacio para ver o xogo completo da vella louza de porcelana, invadiume de súpeto o estraño desexo de ver a boneca máis unha vez. Aproveitando que Oreste, a señora e o avogado do conde estaban ocupados determinando se a tampa dun prato que lle caera á miña criada xa estaba esportelada ou non de antes, escapulinme e dirixinme ao cuarto de pasar o ferro.

Alí seguía a boneca, naturalmente, e aínda non tiveran tempo de lle limpar o po. O vestido de satén branco, rematado en pequenos volantes, e o corpiño curto estaban grises da rela incrustada, e o pano negro con franxas, case vermello. Os pobres mitóns de seda branca e as brancas medias de seda volvéranse, pola súa parte, case negros. Caérlle sobre os xeonllos un xornal da mesa adxacente, ou talvez o tirara alguén, de tal modo que daba a impresión de que termase del. Apercibínme entón de que a roupa que tiña posta lle pertencía á coitada da modelo defunta. E ao atopar sobre a mesa unha perruca desguedellada e poeirenta con faixas lisas por diante e rizos recollidos detrás nun elaborado moño, comprendín ao instante que estaba feita co cabelo da pobre muller.

—Está moi ben feita! —dixen timidamente ao aparecer detrás de min, como non, a señora, facendo renxer o chan.

O único no que pensaba ela era en satisfacer calquera capricho que lle puidese reportar unha propina. Así pois, sorriume cunha horrible carantoña e, para me demostrar que a boneca merecía toda a miña atención, procedeu a dobrar, dun xeito aterrecedor, aqueles brazos articulados e a cruzarlle unha perna por riba da outra debaixo da saia branca de satén.

—Por favor, por favor, non faga iso! —berreille á vella bruxa.

Mais un dos pobres pés, coa sandalia, continuou a abanarse e a remexerse dun modo espantoso.

Dábame medo que a miña criada me sorprendese a ollar para a figura. Parecíame que non ía aturar os comentarios que ela fixese sobre a boneca. De aí que, aínda que fascinada polo negro e fito ollar de deusa de Canova e polo rostro de madona de Ingres, me arredase e volvese inspeccionar o servizo de sobremesa.

Non sei o que me fixo aquela boneca, pero de súpeto caín na conta de que estivera o día todo a cavilar nela. Era coma se acabase de coñecer alguén terriblemente interesante, coma se trabase de repente amizade cunha muller á que por un accidente fortuíto, como ás veces acontece, lle descubrixe un segredo. Pois, dalgún modo, sabíao todo sobre ela, e os primeiros datos que me proporcionara Oreste —hei de dicir que con el sentía a necesidade imperiosa de falar dela— non me esclareceran nada novo, senón que me confirmaran o que xa coñecía.

A boneca —xa que eu non facía distinción entre o retrato e o orixinal— casara xusto despois de saír do convento, e durante a súa breve vida matrimonial ficara illada do mundo por culpa do amor malsán que lle profesaba o marido, até o punto que continuara a ser unha nena tímida e orgullosa que pouco sabía da vida.

Amouno ela? Non mo dixo de inmediato. Mais pouco e pouco decateime de que ela, dun xeito profundo e silencioso, se preocupara por el máis do que el por ela. Ela non sabía como responder ás mostras de cariño fáciles, efusivas, prolixas e ostensivas que el lle facía; el non podía acalar o seu amor nin dous minutos, e ela xamais atopaba unha palabra para expresar o seu, se ben ardía no desexo de facelo. Non quere dicir que el o botase en falta: era unha clase de persoa brillante, frívola, lírica, que nada sabía de sentimentos alleos e a quen só lle preocupaba recrearse e disolverse nos seus. Nesos dous anos de amor extático,

locuaz e absorbente por ela, el non só repudiara toda relación social e desleixara por completo os seus asuntos, senón que nunca fixera a tentativa de transformar esa criatura nova e inmatura na súa compañeira, nin mostrara curiosidade por saber se o seu ídolo tiña unha mente ou unha personalidade propia. Ela achacaba a indiferenza del á propia incapacidade, necia e inconcibible, para expresar os seus sentimentos. Como ía adiviñar el que ela desexaba coñecer, entender, cando ela nin sequera era capaz de lle dicir canto o quería? Ao final, o feitizo pareceu romperse: viñéronlle as palabras e a forza para pronuncialas, mais foi no seu leito de morte. A pobre da criatura morreu nova dando a luz, cando ela mesma era pouco máis ca unha nena.

Ora ben! Sei que mesmo a ti che ha de parecer unha bobada. Sei como é a xente —como somos—, que é imposible conseguir de verdade que outros sintan o mesmo ca nós respecto a calquera cousa. Ti cres que eu lle podería contar o desta boneca ao meu home? E iso que a el cóntollo todo de min e sei que sería bastante receptivo e respectuoso. Son parva compartindo a historia da boneca con outra persoa; tiña que ser un segredo só entre Oreste e mais eu. El, estou convencida, si que entendería os sentimentos da pobre muller ou se cadra xa os coñece tan ben coma min. Ben, xa que comecei, hei de continuar, supoño.

Eu sabíao todo sobre a boneca cando estaba en vida —que-ro dicir, sobre a dama— e, do mesmo xeito, conseguín saber tamén todo sobre ela despois de morta. Só que creo que non cho vou contar... *Basta!* O marido mandou facer a boneca e vestila coa roupa da muller, e colocouna no *boudoir*, onde nada mudara de sitio desde o momento da súa morte. Non permitía que entrase ninguén, limpábao e desempoábao el mesmo e pasaba varias horas ao día chorando e lamentándose diante da boneca. Entón, aos poucos, comezou a prestarlle atención de novo á súa colección de medallas e a retomar os seus paseos en cabalo; mais nunca recuperou a vida social e endexamais faltou á visita diaria dunha hora ao *boudoir* da boneca. Despois tivo

1. En italiano no orixinal. (*Todas as notas son do tradutor*).

lugar o *affaire* coa lavandeira. E cres que gardou entón a boneca no armario? Non, señor; el non era desa clase de homes. El era unha persoa idealista, feble e sentimental, e o romance coa lavandeira medrou paulatinamente á sombra da paixón inconsolable que sentía pola muller. Nunca había de desposar outra muller do seu mesmo rango, xamais lle daría unha madrasta ao fillo que tivera con ela —fillo que mandou a un colexio interno e que se lle torceu— e, cando por fin casou coa lavandeira, fíxoo estando xa case senil, e porque ela e os cregos o someteran a terribles coaccións para que lexitimase a outra filla. Durante moito tempo continuou a visitar a boneca, mentres o idilio coa lavandeira proseguía tranquilamente. Conforme se foi facendo vello e preguizoso, comezou a ir cada vez menos; mandaba outras persoas a desempeñaren a boneca até que, ao final, deixaron de limpala. Despois el morreu, tras rifar co fillo e vivir coma un paparón débil e vello, mormente na cociña. O fillo —o fillo da boneca—, ese que se lle torcera, casou cunha viúva rica. Foi ela a que renovou o mobiliario do *boudoir* e tirou fóra a figura. Mais a filla da lavandeira, a filla bastarda, que se convertera nunha especie de ama de chaves do palacio do seu medio irmán, desenvolvera unha benquerenza persistente pola boneca, en parte pola atención que o vello conde lle brindaba, en parte porque deba custar moito diñeiro e en parte porque a dama fora unha dama real. De maneira que, cando se renovou o *boudoir*, baleirou un armario e meteu a boneca dentro, e de cando en cando sacábaa para desempeñala.

Ben, en canto eu asimilaba todas estas cousas, recibín un telegrama no que a miña amiga dicía que non ía vir a Foligno e no que me pedía encontrarme con ela en Perugia. O pequeno cofre renacentista xa fora mandado a Londres; Oreste, a miña criada e mais eu empacuramos con coidado todos os pratos e as fontes para a froita en canastras de palla. Eu pedira uns exemplares do *Archivio storico*<sup>2</sup> para llos ofrecer, á maneira de

2. *Archivio storico italiano*, unha das revistas italianas sobre historia máis antigas, fundada no 1842.

presente de despedida, ao meu querido e vello Oreste —xamais se me ocorrería ofrecerlle diñeiro, un pasador para a gravata ou cousa polo estilo— e xa non había escusa para permanecer nin unha hora máis en Foligno. Ademais, ultimamente andaba desanimada —supoño que a nós, mulleres coitadas, non se nos pode deixar soas seis días nunha pensión, nin que sexa con antigallas, crónicas e criadas fieis— e sabía que non ía mellorar até marchar daquel lugar. Facíaseme, porén, difícil; de feito, érame imposible marchar. Confesareino abertamente: era incapaz de abandonar a boneca. Non podía deixala, con ese buraco na pobre cabeza de cartón, con eses trazos de madona de Ingres, acumulando po no inmundo cuarto de pasar o ferro daquela vella. Érame totalmente imposible. E, aínda así, debía partir. De modo que mandei chamar por Oreste. Eu sabía exactamente o que quería, mais parecíame imposible e, non sei por que, dábame medo pedirlo. Enchinme de valor e, coma se fose o máis natural do mundo, díxenlle:

—Querido *signor* Oreste, quero que me axude a facer unha última compra. Quero que o conde me venda o... o retrato da súa avoa; é dicir, a boneca.

Levaba un discurso preparado a fin de que Oreste entendese facilmente que unha figura de tamaño real tan atilada cun vestido orixinal de época axiña posuiría un altísimo valor histórico, etcétera. Mais achei que era innecesario e imprudente dicir máis nada. Oreste, sentado do outro lado da mesa —eu ofrecéralle compartir comigo a cea da fonda, mais el só aceptou un vaso de viño e un taroco de pan—, Oreste, digo, asentiu devagar e arregalou os ollos coma se encadrase neles toda a miña persoa. Non era un xesto de sorpresa. Estaba a ponderarnos a min e a miña oferta.

—El será moito pedir? —pregunteille—. Eu cría que o conde...

—O conde —respondeu Oreste secamente— sería capaz de vender a propia alma, se a tivese, xa non digo a da súa avoa, polo prezo dun novo poni trotador.